



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito do traballo e da seguridade social

Materia	Dereito do traballo e da seguridade social			
Código	O03G081V01504			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández Prieto, Marta			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca			
Correo-e	mfprieto@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://faitic.uvigo.es/">http://http://faitic.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Estudo das principais institucións do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, desde unha perspectiva fundamentalmente xurídica e orientada por tanto á formación que nesta materia debe adquirirse no Grao en Dereito.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C9	CE9 - Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais individuais e colectivas e de Seguridade Social
C10	CE10 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social e abordar a súa solución mediante o manexo e interpretación de fontes e doutrina xudicial
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social	A1	B1	C9	D1
	A2	B3	C10	D5
	A3	B4		
	A4			
	A5			

---

**Contidos**

---

## Tema

## PARTE I. INTRODUCCIÓN E FONTES

Tema 1. Concepto e ámbito aplicativo da disciplina

Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo por conta allea e a dependencia. O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo economicamente dependente. Exclusiones legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades. Funcionarios públicos e demais persoal estatutario. Prestacións persoais obrigatorias. Transportistas. Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penais. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferenzas cos axentes mercantís. Traballadores discapacitados en centros especiais. Estibadores portuarios. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares.

Tema 2. Fontes do Dereito do Traballo

Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2008 (Roma I). O art. 1.4 ET. Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión. Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e Recomendacións do OIT.- Normativa da Unión Europea. Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respecto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa, irrenunciabilidade de dereitos, pro traballador.- O Dereito común.

## PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO

Tema 3. O contrato de traballo

Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidade do traballador. A idade.- Estranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información do traballador.- Período de proba.

Tema 4. Intermediación, fomento do emprego e relacións triangulares de traballo

Servizos públicos de emprego e axencias de colocación. Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións. Relacións triangulares de traballo. A descentralización produtiva. Concepto e tipoloxía.- Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo. Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa. Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.

Tema 5. Modalidades de contrato de traballo

Contratos indefinidos.- Particularidades en caso de traballo fixo discontinuo.- Cláusulas específicas en contratos indefinidos con incentivos: contrato de apoio aos emprendedores, contrato de mozo por microempresas e empresarios autónomos, contrato de novos proxectos de emprendemento novo. Contratos formativos.- Contrato para a formación e a aprendizaxe.- Contrato en prácticas. Contratos temporais estruturais.- Obra ou servizo determinado.- Eventual e eventual de primeiro emprego novo.- Interinidade. Modalidades. Contratos temporais de fomento do emprego.- Discapacitados.- De relevo. Regras xerais aplicables a todos os contratos temporais. Contrato a tempo parcial.- Concepto. Forma.- Voluntariedade. Tránsito á xornada completa e viceversa.- Horas complementarias.- Contratos a tempo parcial con vinculación formativa.

Tema 6. Deberes do traballador

Prestación do traballo.- Dilixencia e rendemento normal.- Obediencia e desobediencia lexitima.- A non concorrencia. Pactos de exclusividade e de permanencia.- Invencións [de servizo] e dereitos de explotación da propiedade intelectual.

Tema 7. A retribución

Concepto. Clases de salarios. Non discriminación por razón de xénero. Presunción de salario.- Percepcións non salariais.- Estrutura salarial. Salario base e complementos salariais.- Salario mínimo interprofesional.- Absorción e compensación.- Gratificacións extraordinarias.- Pago do salario. Mora e anticipos. Documentación.- Aseguramento do pago. O Fondo de Garantía Salarial. Os créditos salariais preferentes. En caso de concurso. Protección procesual común do salario. Inembargabilidade.

Tema 8. A prevención de riscos laborais e outros deberes do empresario	A prevención de riscos laborais. A LPRL e a súa normativa de desenvolvemento.- Dereitos e deberes.- Servizos de prevención.- Consulta e participación dos traballadores.- Responsabilidades. Outros deberes do empresario.- Respecto á dignidade do traballador e igualdade de trato.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de xénero. Discriminacións directas e indirectas.- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais.
Tema 9. Tempo de traballo	Regulación da xornada de traballo común. Xornada máxima.- Tempos de traballo e tempos de descanso.- Xornadas especiais. Horas extraordinarias. Distribución do tempo de traballo e do descanso. O calendario laboral.- O horario.- Traballo nocturno e a quendas.- Descansos semanais e festivos.- Vacacións anuais.- Permisos e outras ausencias do traballo.- Xornada e conciliación da vida familiar e laboral.
Tema 10. O poder de dirección do empresario e o ius variandi	O poder de dirección do empresario. Concepto. A clasificación profesional. O grupo profesional.- O encadramento e a polivalencia funcional. Mobilidade funcional. Horizontal e vertical. Límites Mobilidade xeográfica. Traslados. Desprazamentos. Referencia aos desprazamentos transnacionais. Modificación substancial das condicións de traballo.
Tema 11. Suspensión do contrato	Concepto e efectos xerais. Reserva de posto e suspensión do salario.- Causas de suspensión: Mutuo acordo e causas validamente consignadas no contrato. Incapacidade temporal e incapacidade permanente. Maternidade, adopción e acollemento. Paternidade. Risco durante o embarazo e lactancia natural. Víctima de violencia de xénero. Privación de liberdade e prestacións persoais obrigatorias. Cargo público representativo e excedencia forzosa. Funcións sindicais.- Suspensións colectivas. Forza maior temporal e causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Folga e lockout. Suspensión disciplinaria. Excedencia para coidado de fillos e para coidado de familiares. Excedencia voluntaria.
Tema 12. A extinción do contrato	Introdución. Concepto. Causas. O recibo de liquidación. Por cumprimento e por vontade das partes. Por causas validamente pactadas.- Expiración do termo.- Por mutuo acordo. Por desaparición ou incapacidade dunha das partes. Por causas que atinxen ao empresario.- Por causas que atinxen ao traballador. Por vontade unilateral do traballador. Dimisión e abandono.- Resolución *causal por decisión do traballador. Por vontade unilateral do empresario. O concepto de despedimento.- Tipoloxía.
Tema 13. O despedimento	O despedimento disciplinario e a potestade disciplinaria. Causas xustas (estatutarias e extraestatutarias).- Forma. Carta de despedimento, audiencia a delegados sindicais e expediente contraditorio. Outras.- Cualificación e efectos. Procedente, improcedente e nulo.- O caso do despedimento tácito.- Outras sancións. Legalidade e tipicidade. Límites legais. Formalidades. Prescrición das infraccións. O despedimento por causas obxectivas. Concepto e causas.- Requisitos e forma.- Cualificación e efectos. O despedimento colectivo. Concepto e causas.- O procedemento de regulación de emprego. Cualificación e efectos
PARTE III. DEREITO COLECTIVO DO TRABALLO Tema 14. Liberdade sindical e dereito de asociación empresarial	A liberdade sindical. Concepto.- Ámbito subxectivo.- As asociacións empresariais como suxeitos excluídos.- Contido esencial e adicional.- Tutela da liberdade sindical. Sindicatos e organizacións empresariais. Réxime xurídico. Representatividade sindical e acción sindical. A maior representatividade e a suficiente representatividade.- A representatividade empresarial.
Tema 15. Participación dos traballadores na empresa	Representación estatutaria. Delegados de persoal e comités de empresa.- Comité conxunto e comité intercentros.- Comités de empresa europeos.- Competencias dos representantes. Garantías e prerrogativas. Representación sindical. Seccións sindicais e delegados sindicais. Asemblea de traballadores.

Tema 16. A negociación colectiva	Suxeitos negociadores e ámbitos persoal, funcional, territorial e temporal. A lexitimación para negociar e as unidades de negociación.- A concorrencia de convenios.- Duración e sucesión de convenios.- A negociación colectiva extraestatutaria.- Os acordos de empresa. O proceso de negociación dos convenios. Solicitude de negociación e constitución da comisión negociadora.- Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios.- Control da ilegalidade ou lesividade. Adhesión e extensión. O contido dos convenios e a súa administración. Contido mínimo.- Contido normativo e obrigacional.- Interpretación e aplicación do convenio.
Tema 17. Conflitos colectivos e procedementos de solución	Medidas de conflito colectivo. O dereito de folga. Fontes reguladoras. Titularidade e límites: folgas ilegais e folgas ilícitas ou abusivas. Procedemento de desenvolvemento. Efectos. Folgas en servizos esenciais.- O peche patronal. Procedementos de solución de conflitos colectivos. Especial referencia aos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje e ao procedemento de conflito colectivo.
PARTE IV. DEREITO DA SEGURIDADE SOCIAL Tema 18. O Sistema de Seguridade Social	Estrutura do sistema de Seguridade Social. O modelo constitucional de Seguridade Social.- Nivel profesional ou contributivo.- Nivel asistencial ou non contributivo.- Réxime Xeral e Réximes Especiais da Seguridade Social. Xestión da Seguridade Social. Entidades xestoras e servizos comúns.- Entidades colaboradoras. Actos de encadramento. Inscripción, afiliación, altas e baixas. Financiamento do Sistema de Seguridade Social. En particular, no Réxime Xeral. O deber de cotización. Bases, tipos e cuotas
Tema 19. A acción protectora no Réxime Xeral da Seguridade Social	Riscos profesionais e riscos comúns. Accidente de traballo, enfermidade profesional, enfermidade común e accidente non laboral. Referencia ao risco durante o embarazo, á lactancia natural e ao coidado de menores con cancro ou enfermidade grave. Tipoloxía e extensión da acción protectora. Definición, requisitos de acceso e contía: Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e a lactancia e cancro ou enfermidade grave de menor. Incapacidade permanente. Xubilación. Morte e supervivencia. Protección á familia. Desemprego.
Tema 20. A Administración de Traballo e a Xurisdicción Social	Remisión.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	48.2	22	70.2
Estudo de casos/análises de situacións	24	22	46
Titoría en grupo	5.3	5	10.3
Probas de tipo test	1	34	35
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	38	39.5
Outras	0	24	24

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Titoría en grupo	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas de elección múltiple. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. As probas de tipo test incluírán tamén preguntas de carácter práctico para avaliar as competencias adquiridas en estudos de casos/análises de situacións e, no seu caso, en titorías en grupo. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	40	A1 B1 C9 A2 A5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre diferentes temas. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	40	A1 B1 C9 A2 A4 A5
Outras	Resolución e entrega en prazo dos estudos de casos/análises de situacións que posteriormente serán obxecto de resolución na aula. Avaliaranse aleatoriamente dous das prácticas esixidas. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	20	A3 B3 C10 D1 A4 B4 D5

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Os alumnos/as poden optar entre dous sistemas de avaliación:

1. Sistema de avaliación continua
2. Sistema de avaliación final

#### **(I) SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

Para acollerse ao sistema de avaliación continua e aprobar a materia mediante este sistema, o alumno/a deberá cumprir os dous requisitos seguintes:

1. Acreditar asistencia a un 80% das clases □maxistras e grupos medianos-, sen que, salvo casos excepcionais □ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, permítase xustificar a ausencia.
2. Obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media que resulte do tres tipos de probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre, debendo obter unha cualificación non inferior a 4 en cada unha das probas para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua. Se o alumno obtivo menos dun 4 nalgunha do tres probas, poderá continuar na avaliación continua na avaliación de xuño-xullo, pero neste caso a cualificación que figurará nas actas da avaliación de decembro/xaneiro será a de suspenso (máximo 4.9).

#### **I. AVALIACIÓN decembro/xaneiro:**

A nota final será o resultado da suma das cualificacións conseguidas nas seguintes probas obrigatorias:

1. Proba tipo test (40% da nota final). Previsiblemente no mes de outubro, os alumnos/\*as realizarán unha proba tipo test de preguntas pechadas de elección múltiple (sinalando unha resposta entre un número limitado de posibilidades). A citada proba tipo test incluírá preguntas de carácter teórico (contidos propios das clases maxistras) e de carácter práctico (contidos propios de grupos medianos) dos temas 1 a 9-10 da guía docente.
2. Probas en grupos medianos (20% da nota final). No marco dos grupos medianos, formularanse distintas tarefas (estudo de casos/análises de situacións) que deberán ser entregadas, todas elas, segundo os prazos previstos no cronograma previamente facilitado. Procederáse á corrección das devanditas tarefas na aula. Con todo, a efectos de cualificación, seleccionaranse dúas tarefas -idénticas para todos os alumnos/as entre as tarefas formuladas-. No entanto, nos casos nos que un alumno/a non puidese entregar en prazo unicamente un dos supostos prácticos requiridos, ofreceráselle a posibilidade de continuar no sistema de avaliación continua substituindo esa entrega pola realización do estudo de casos/análises de situacións no exame final, avaliándose esa proba, no seu caso, como unha tarefa máis das que o alumno debe realizar nos grupos medianos, en substitución da que non fose puntualmente entregada.
3. Proba de respostas de desenvolvemento (40% da nota final). Na data oficialmente sinalada para a avaliación da materia en decembro-xaneiro, os alumnos/as realizarán unha proba de respostas de desenvolvemento dos temas 10-11 a 19 da guía docente.

Ao ser as probas obrigatorias a desenvolver \*liberatorias para as avaliacións de decembro-xaneiro e xuño-xullo e esixirse ao

alumno/a polo menos un 4 en cada parte para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua, se o alumno obtivo menos dun 4 en próbaa tipo test ou nas probas en grupos medianos, permitiráselle ao alumno optar por continuar no sistema de avaliación continua e presentarse na convocatoria de decembro-xaneiro, ademais da a proba de respostas de desenvolvemento, á proba correspondente á parte que teña suspensa. Nesta avaliación, o exame constará de dous partes □ unha teórica, de respostas longas de desenvolvemento e outra práctica, cun estudo de casos-. Non haberá proba tipo test, polo que, se a proba suspensa é próbaa tipo test, deberá examinarse do contido dos temas 1 a 9-10 mediante unha proba de respostas de desenvolvemento. Se a proba suspensa é a correspondente aos grupos medianos, deberá realizar a parte do exame correspondente ao estudo de casos/análises de situacións.

Se o alumno/a na avaliación de decembro/xaneiro ten algunha das probas suspensa cunha cualificación inferior a catro, a cualificación que figurará nas actas de maio será a de suspenso (máximo 4.9), aínda que a cualificación media que obteña sexa superior a 5. Neste caso, na convocatoria de xuño/xullo unicamente deberá examinarse da proba ou probas que non superase na primeira avaliación.

Se o alumno/a non se presenta a algunha das partes en decembro/xaneiro, a cualificación que figurará nas actas da primeira avaliación será a de non presentado/a.

## II. AVALIACIÓN xuño-xullo:

Se o alumno/a obtívese unha cualificación superior a 5 nalgunha das probas obrigatorias desenvolvidas durante o primeiro cuatrimestre (tipo test, grupos medianos ou respostas de desenvolvemento) pero non conseguise aprobar a materia na primeira avaliación por non obter unha cualificación media superior a 5 ou por suspender algunha das probas cunha cualificación inferior a 4, poderá conservar na avaliación de xuño-xullo a cualificación das probas aprobadas e examinarse unicamente da parte suspensa.

Na avaliación de xuño-xullo, que terá lugar na data oficialmente sinalada, o exame constará de dous partes □ unha teórica, de respostas longas de desenvolvemento e outra práctica, cun estudo de casos-. O estudante sometido a avaliación continua quedará exento das preguntas de desenvolvemento que se correspondan coa parte do temario da guía docente que teña aprobado e/ou, no seu caso, do estudo de casos. Aínda que a parte suspensa sexa a correspondente a próbaa tipo test, na avaliación de xuño-xullo o exame será de preguntas con respostas de desenvolvemento.

A nota obtida na avaliación continua non se conservará para convocatorias de cursos académicos posteriores. O alumno/a deberá someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

## (II) SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL.

O alumno/a que non cumpra os requisitos para acollerse ao sistema de avaliación continua ou que opte por non facelo, terá dereito a ser avaliado mediante exame final que representa o 100% da cualificación na materia.

O citado exame final constará de dúas probas:

1. Proba de respostas longas de desenvolvemento (80% da nota final)
2. Estudo de casos/análises de situacións (20% da nota final)

Na convocatoria de fin de carreira, o alumno deberá acollerse necesariamente ao sistema de avaliación final.

O exame final terá lugar, nas convocatorias de fin de carreira e nas avaliacións de decembro-xaneiro e xuño-xullo, nas datas aprobadas en Xunta de Facultade e oficialmente publicadas.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, M<sup>a</sup> E., **Derecho del Trabajo**, última edición,

MARTÍN VALVERDE, A., RODRÍGUEZ-SAÑUDO GUTIÉRREZ, F. y GARCÍA MURCIA, J., **Derecho del Trabajo**, última edición,

CRUZ VILLALÓN, J., **Compendio de Derecho del Trabajo**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Legislación laboral y de Seguridad Social**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Legislación Social Básica**, última edición,

AA.VV. (Coord. FERNÁNDEZ DOCAMPO, M<sup>a</sup>.B. y FERNÁNDEZ PROL, F.), **Casos prácticos de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social**, última edición,

### **Bibliografía Complementaria**

OJEDA AVILÉS, A., **Derecho Sindical**, última edición,

MONTOYA MELGAR, A., **Derecho del Trabajo**, última edición,

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J. M., SALA FRANCO, T. y otros, **Curso de Derecho del Trabajo**, última edición,

SALA FRANCO, T., ALBIOL MONTESINOS, I., **Derecho Sindical**, última edición,

BLASCO LAHOZ, J.F., **Seguridad Social. Régimen general, Regímenes Especiales y prestaciones no contributivas**, última edición,

RODRÍGUEZ RAMOS, M.J., GORELLI HERNÁNDEZ, J. y VÍLCHEZ PORRAS, M., **Sistema de Seguridad Social**, última edición,

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C., QUESADA SEGURA, R., **Manual de Seguridad Social**, última edición,

AA.VV., **Legislación Laboral y de Seguridad Social**, última edición,

AA.VV., **Código de la Seguridad Social**, última edición,

---

## **Recomendacións**